

Texto publicado no suplemento *Nordésia* do *Diario de Ferrol* o día 27 de setembro de 2009.-

Pequeno Retrato da República Dominicana

A República Dominicana foi o primeiro lugar que pisou Colón nesa América que aínda estaba por descubrir para os europeos. E son moitas as pegadas que fican do seu paso pola que agora é a capital do país, a cidade que fundou co nome de seu avó, **Santo Domingo**.

Segundo un vello dito popular dos dominicanos, cando Deus acabou de crear o mundo deixou a súa terra tal como é agora para lle lembrar aos seres humanos como era o paraíso que perderan para sempre.

E precisamente esa sensación de atoparse no paraíso invade ao visitante dende que pon os pés no país. No interior medra unha vexetación que deixa voar a imaxinación e a costa está bañada polo Caribe en todo o seu esplendor, con lugares de nomes tan fermosos como **Bayahibe**, **Boca de Yuma**, **Samaná**, ou **Punta Cana**, onde a natureza é unha verdadeira explosión, con praias dunha beleza que abraia, palmeiras que medran na mesma area e augas cálidas dunha cor turquesa marabillosa habitadas por peixes de cores inimaxinábeis.

Por iso foron recalar alí as grandes cadeas multinacionais do turismo, sobre todo españolas e norteamericanas, que ao longo de todo o ano acollen milleiros de turistas nas súas instalacións. Porque o turismo da República Dominicana, todo, está en mans estranxeiras, de xeito que o único beneficio que recae na poboación é o emprego dunhas vinte mil persoas como man de obra barata. O país non se beneficia nin sequera do importe das viaxes porque non dispón dunha compañía aérea de gran capacidade.

Todo está pensado para que o turista chegue, goce do sol e do mar nunha praia privada, beba unha colección de cócteles feitos con ron, a bebida nacional e baile *merengue* e *bachata* sen abandonar a gaiola de ouro que constitúe o seu hotel.

Os dominicanos son dunha amabilidade grandiosa, mais viven na desesperanza de ver como a situación económica do seu país non ten posibilidades de mellora. O estado practicamente non existe e a clase política non achega novidades. Esta desesperanza provoca, entre outras cousas, que as seitas estrañas, con nomes coma *Igrexa de Deus da Profecía* ou *Igrexa dos Derradeiros días*, agromen coma fungos en calquera recuncho do país.

A República Dominicana, que, xunto con Haití foi centro de distribución de escravos para todo o continente, é un país que, coma case toda Latinoamérica non coñece de termos medios: A miseria é de verdade como tamén o é a opulencia. Quen ten moito ten realmente moito e quen non ten nada literalmente non ten nadiña de nada. As grandes urbanizacións de luxo, entre elas as instalacións hoteleiras, está construídas á beira de vilas onde case todas as casas son chabolas. En **Santo Domingo**, a capital, tal como acontece en outros lugares do país, hai moitos barrios sen os principais servizos básicos, como auga ou electricidade.

Na República Dominicana conflúen demasiados problemas estruturais, e un deles é a falla dunhas boas redes viarias que comuniquen ben as diferentes zonas do país e que vai parella á pobreza na que vive a meirande parte da poboación. As estradas están nun estado de conservación verdadeiramente penoso e a sinalización, onde a ai, é máis ca deficiente.

A única vía férrea que existe non está adaptada ao transporte de pasaxeiros, así que se usa exclusivamente para carrexar a cana de azucre acabada de cortar dende as grandes plantacións do sur até o que se coñece co nome de

ingenios, as plantas onde se leva a termo o proceso para a extracción do azucre e a melaza. Por certo, que así como as plantacións son propiedade do Estado dende a caída da ditadura de Rafael Leónidas Trujillo en 1961 (eran propiedade da súa familia), os *ingenios* son de participación norteamericana.

Precisamente gran parte da culpa desta tan precaria situación económica que se vive no país téñena as industrias norteamericanas que explotan as coñecidas como “zonas francas”, unha fórmula inventada pola administración Reagan que tamén funciona en México e Guatemala. Trátase de trinta polígonos industriais utilizados para ensamblar pezas fabricadas nos Estados Unidos ao ritmo que pide o mercado, e que dan emprego directa ou indirectamente a arredor de trescentas mil persoas, a meirande parte mulleres. Son a plasmación real dun soño longamente acariciado polo gran capital internacional: man de obra baratísima sen reivindicacións de ningunha caste e á que non hai que indemnizar se se detén a produción. Se non hai traballo mándase ao operario á casa e non hai que pagar subsidios de desemprego.

Necesariamente ha chegar un momento en que esta inxusta e totalmente inmerecida situación de precariedade económica terá que rematar, e os dominicanos, que son dunha amabilidade que calquera pode comprobar, poderán deixar de procurar noutros países, entre eles España, o benestar que no seu lles está negado para ficaren na súa terra e así poderen gozar das bondades do paraíso no que habitan, que son moitas.